

CONTIDOS E TEMAS TRANSVERSAIS

A flexibilidade e organización dos materiais fai posible que dentro de cada unidade poda tratarse máis dun dos temas transversais.

Educación ambiental

Ó longo dos catro niveis que configuran o proxecto encontramos continuas referencias á necesidade do respecto ó medio ambiente mediante a reflexión sobre a importancia que poden ter os nosos hábitos e costumes para o medio no que vivimos.

Tal reflexión constitúe unha chamada de atención ó alumno sobre as situacións causadas polo ser humano prexudiciais para il, a fin de espertar nel unha maior conciencia ecolóxica.

Algúns dos contidos que fan referencia a temas ambientais son:

- Ambientes naturais diversos e o seu equilibrio.
- A contaminación ambiental.
- O medio no que vivimos: rexión, clima, actividades económicas.
- Uso de transportes públicos.
- O medio urbano e os seus excesos.
- Especies animais en perigo de extinción.
- Ambientes naturais ameazados por o home.
- Clima.

Educación do consumidor

En moitas unidades aparecen textos e cuestionarios relativos ós gustos de moda e ós hábitos do coidado persoal dos xoves. Estes proporcionan o material idóneo para a reflexión sobre as influencias comerciais, publicitarias, etc. As situacións plantexadas conducen á reflexión sobre hábitos de consumo e a necesidade de facelo de maneira sensata, comprando só aquilo que necesitamos, sen necesidade de derrochar.

Contidos relacionados con este tema son:

- Hábitos de consumo respecto á música, cine, modas.
- O consumo de recursos naturais e o seu impacto no medio ambiente.
- Relacións xustas entre o vendedor e o cliente.
- Consumo de roupa, comidas, etc.

Educación moral e cívica.

O alumno vese obrigado a contrastar e debater normas morais e cívicas en situacións da vida cotiá nas que resulta necesario o respecto mutuo e as actitudes solidarias.

Os contidos relacionados co tema son:

- Respecto ás normas de convivencia a nivel social.
- Xuventude, familia, relacións con iguais e cos maiores.
- Fórmulas de cortesía.
- Respecto as persoas coas que convive.
- Respecto ás normas de comportamento en lugares públicos.
- Respecto á propiedade allea.
- Comportamentos antisociais.
- Aceptación crítica das diferencias sociais e superación de estereotipos rico/pobre.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos.

Prestouse especial coidado en evitar todo tipo de actitude sexista nos materiais presentados. O longo das diferentes historias, lecturas ou situacións, rapaces e rapazas poden realizar as mesmas actividades. Os materiais reforzan nos seus contidos a situación de igualdade, independentemente do sexo, que o alumno debería vivir no seu entorno escolar.

Contidos relacionados co tema:

- Trato igualitario a fillos e fillas na familia.
- Participación de rapaces e rapazas nas labores domésticas.
- Igualdade de oportunidades e de dereitos no campo laboral, educativo, actividades de lecer, etc.

Educación para a paz.

A grande cantidade de actividades e tarefas a realizar por parellas, pequeno ou gran grupo, obrigan ó alumno a construír aspectos tan básicos no que respecta á adquisición de valores solidarios.

O contacto con persoas doutros países favorecese a través de cartas a amigos por correspondencia como forma de entrar en contacto con realidades distintas ás propias.

O mundo amosase como unha realidade sociogeográfica, plural e multicultural, na que deben convivir pacificamente nacións e culturas diferentes.

Os contidos relacionados co tema son:

- Actitudes de respecto ás tradicións de diferentes culturas.
- Rexeitamento ó uso da violencia para resolver os conflitos.
- Contribucións internacionais á cultura e progreso da humanidade.
- Relacións entre persoas de diferentes sociedades.
- Convivencia entre persoas de distintas razas e crenzas.
- A irmandade entre os homes do mundo.

- Respecto a formas diferentes de vida.
- O turismo como forma de coñecemento doutras culturas.
- Festas tradicionais de diversas culturas.

Educación para a saúde

Propóñense constantemente a reflexión sobre hábitos de vida e alimentación sa e equilibrada, así como a conveniencia de practicar disciplinas deportivas.

Os contidos relacionados coa saúde son:

- Enfermidades e doenzas.
- Actividades físicas: os deportes.
- Hábitos alimenticios adecuados e dietas equilibradas.
- Bebidas alcohólicas.
- Actividades de tempo de lecer.
- Perigos do tabaquismo.

Educación para a saúde sexual

Os contidos de educación sexual axudan ó alumno a conseguir un equilibrio psicolóxico adecuado nas relacións con persoas doutro sexo, contribuíndo a desenrolar unha sexualidade sa e aberta.

O amor nas súas diversas vertentes ten un papel protagonista en diversas seccións do libro, con textos e cancións que falan de sentimentos amorosos, dos diversos estadios das relacións entre as parellas.

Os contidos deste tema son:

- Manifestacións amorosas nos seus diferentes estadios.
- Actitudes e comportamentos amorosos entre xoves.
- Relacións entre xoves de ambos sexos.
- Igualdade no mundo educativo e laboral para persoas de distinto sexo.
- Correspondencia entre persoas de distinto sexo.

Educación vial

Diferentes aspectos relacionados coa educación vial trabállanse a partires de situacións problemáticas causadas por unha mala educación no uso dos medios de transporte, e pretenden facer reflexionar ó alumno sobre o negativo de posturas egoístas e antisolidarias.

Os contidos relacionados con este tema son:

- Medios de transporte.
- Normas de seguridade nos transportes públicos.
- Problemas causados por mal uso dos medios de transporte.
- Seguimento de itinerarios/instrucións.

- Localización de puntos nun plano ou mapa.